

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA NECESIDADE DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DOS EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN NO NOVO AUDITORIO MUNICIPAL DE ACEA DE OLGA.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 46-2024, por un importe total de 45.559,54 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da necesidade de posta en funcionamento dos equipos de climatización no Novo Auditorio municipal de Acea de Olga.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1411/2024, do 03.10.2024 así como os RCMOD Ref.: 65376/2024 por importe de 40.073,78 € e Ref.: 65377/2024 por importe de 5.485,76 €, do 30.09.2024..

Tendo en conta que se ván advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Neste caso, na providencia que inicia o expediente sinálase que se debe considerar que se trata de aplicacións do capítulo 6 de gastos de investimento en ambos casos, financiadas con recursos alleos vía préstamo, e unha vez se detraiga da aplicación que cede crédito, non poderá esta volver a incrementarse vía transferencias, polo que implica unha renuncia a unha determinada actuación que non ten previsión de executarse neste exercicio, para acoller o crédito imprescindible para poñer en marcha unha instalación municipal debido ás deficiencias que se foron atopando tras a súa posta a disposición. Por este motivo se estima necesaria a modificación

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 45.559,54 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS	C.P.		APLICACIÓNS	C.P.	
-------------	------	--	-------------	------	--

Intervención
LVP/lrb
Refª: ispac7270146389772018123.doc
Asunto: Decreto aprobación TC 46-2024 MODIF PLAN INV EQUIPOS CLIMATIZACIÓN NOVO
AUDITORIO

ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO		IMPORTE €	ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		IMPORTE €
93301.63200 92002.61900	24XX00040 24XX00038	40.073,78 € 5.485,76 €	93301.62300	24XX00040	45.559,54 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		45.559,54 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		45.559,54 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.